



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- CASA CONSISTORIAL, XOVES 25 DE ABRIL DE 2019 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

ASISTEN:

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

AUSENCIAS:

SECRETARIO / INTERVENTOR:

JORGE BOADO FERNÁNDEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 28 de febreiro de 2019 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA DE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA COMUNICANDO A CANTIDADE QUE LLE CORRESPONDE A ESTE CONCELLO PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO XULGADO DO PAZ

Polo secretaria dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Xustiza, con rexistro de entrada neste concello co número 428 en data 045/03/2019, no que comunica que lle corresponde a este Concello a cantidade de 1.599,65 €uros destinada a atender os gastos de funcionamento do Xulgado do Paz.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN CONVOCATORIA POS+GASTOCORRENTE 2018

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 588 en data 03/04/2019, na que se considera suficiente a xustificación realizada polo concello da convocatoria POS+GASTOCORRENTE 2018.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGAMENTO DA



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DURANTE O EXERCICIO 2018.

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 644 en data 08/04/2019, na que se aproba o pagamento da subvención correspondente ao programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais durante o exercicio 2018 (BOP 41, do 28/02/2018).

Importe concedido: 22.000,00 €

Importe que se vai aboar: 10.999,00 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.4.- DACIÓN DA RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PUBLICADA NO BOP Nº 73 DE DATA 16 DE ABRIL DE 2019 POLA QUE SE APROBA A ADXUDICACIÓN AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DOS ESPECTÁCULOS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA: REDE CULTURAL 2019.

Pola secretaria dáse conta da Resolución ditada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña publicada no BOP número 73 de data 16 de abril de 2019, na que se resolve adxudicar os espectáculos que se sinalan deseguido:

ALICERCE (Non profesionais)	% Deputación			
	Caché	Equipo	Actividade	Total
Espectáculo – Entidade/empresa				
Mago Pedro Bugarín: Novo Mundo Máxico – Mago Pedro Bugarín - García Bugarín, Pedro	232,50	0,00	0,00	232,50
Ángel Maracaibo: Amenización musical todo tipo de eventos - Candal López, José Ángel	232,50	0,00	0,00	232,50

Total: 465,00

ESCENA AO VIVO – MÚSICA PROFESIONAL	% Deputación			
	Caché	Equipo	Actividade	Total
Espectáculo – Entidade/empresa				
Pelepau en concerto: pelepau - Mar Maior Producións, S.L.	1.815,00	0,00	0,00	1.815,00
Percubebé: percubebé - Urdime S. Coop. Galega	626,25	225,00	0,00	851,25

Total: 2.666,25

ESCENA AO VIVO – TEATRO PROFESIONAL	% Deputación			
	Caché	Equipo	Actividade	Total
Espectáculo – Entidade/empresa				
Musicreques: contacontos musicais - Music Arte Rey Saavedra, S.C.	318,75	0,00	0,00	318,75

TOTAL: 731,25

LINGUA A ESCENA	% Deputación			
	Caché	Equipo	Actividade	Total
Espectáculo – Entidade/empresa				



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Pattiy Diphusa: SuperHarte - Merelas Figueroa, David	641,25	0,00	0,00	641,25
---	--------	------	------	--------

TOTAL: 641,25

TOTAL CONCELLO: 3.772,50

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.5.- RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)

Polo secretario dáse conta da resolución enviada telemáticamente da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, rexistro de entrada no concello co número 759 en data 24/04/2019, na que se resolve conceder unha subvención ao concello de Boimorto por importe de 13.150,00 euros, para a contratacións de persoal que se indican baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo a tempo completo por un período de nove (9) meses, para o servizo obxecto da solicitude: protección e mantemento medioambiental.

CONTRATAciónS SUBVENCIÓNADAS	OCUPACIÓN	GRUPO COTIZ.	CUSTO MENSUAL	IMPORTE SUBVENCIÓN
1	Peón	10	1.479,46	13.150,00
TOTAL SUBVENCIÓN				13.150,00

A data límite para formalizar a/as contratación/s é o día 15 de maio de 2019 e a data límite para remitir a esta xefatura territorial a documentación xustificativa para o pagamento é dun mes a partir da formalización da/s contratación/s.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA PERNOCTAR NO POLIDEPORTIVO O PRÓXIMO 30 DE XUÑO AOS ALUMNOS DO COLEXIO JESUITAS DE DONOSTIA (SAN SEBASTIÁN)

Polo secretario dáse lectura ao escrito enviado por D. Michael Pastor Blancou, en calidade de representante legal da Comunidade Jesuitas Arrupe Elkarte Donostia, con rexistro de entrada neste Concello co número 597 en data 04/04/2019, no que solicita permiso para pernoctar no polideportivo municipal con 45-50 personas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 30 de xuño de 2019.

Visto o artigo 5 do Regulamento de funcionamento do servizo de aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto, publicado no BOP nº 98 en data 24/05/2013.

En aplicación do artigo 6 e) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, cota tributaria "pola pernoctación no polideportivo 3 € por usuario e noite sendo necesario o pago para obter entrada que autorice a estancia"; a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do polideportivo municipal a D. Michael Pastor Blancou, en calidade de representante legal da Comunidade Jesuitas Arrupe Elkarte Donostia, para pernoctar no polideportivo municipal con 45-50 personas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 30 de xuño de 2019.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal que ascende a cantidade de 3 €uros por persoa, a cantidade resultante deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sin este requisito esta autorización non producirá efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado co réxime de recursos que pode interpoñer así como o número de conta para facer efectivo o pago.

4.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN USO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL O DIA 30 DE ABRIL E 24 DE MAIO A ANA LEDO FERNANDEZ

Vista as solicitudes presentadas por Dna. Ana Ledo Fernández, con DNI nº 36150633S e con domicilio a efectos de notificacións no Lg. Ribadiso da Fraga, Dormeá, 15816 Boimorto:

- Con nº de rexistro de entrada 600 do 04.04.2019 solicita autorización do polideportivo municipal, o día 24 de maio, en horario de 21:00 a 24:00 horas con alumeado público. Tendo en conta que esta data atopase abranguida no prazo de campaña electoral das eleccións municipais 2019.
- Con nº de rexistro de entrada 659 do 10/04/2019 solicita autorización do polideportivo municipal, o día 30 de abril, en horario de 19:00 a 23:00 horas con alumeado público.

Visto o acordo remitido vía fax pola secretaria da Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela en contestación a unha consulta realizada pola secretaria-interventora do concello no ano 2011, en relación coa solicitude de uso de local municipal non indicado para uso gratuíto para campaña electoral.

Resultando que é competencia do propio Concello a resolución de dita solicitude.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do polideportivo municipal a Dna. Ana Ledo Fernández, con DNI nº 36150633S e con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Ribadiso de Fraga, Dormeá, 15816 Boimorto, para uso do polideportivo municipal o día 24 de maio, en horario de 21:00 a 24:00 horas con alumeado público, sendo o período de ocupación do pavillón de 4 horas, e o día 30 de abril, en horario de 19:00 a 23:00 horas con alumeado público, sendo o período de ocupación do pavillón de 4 horas, condicionada a:

1º.- A presente autorización abrangue das 21:00 horas ás 24:00 horas do día 24 de maio do presente ano e das 19:00 horas ás 23:00 horas do día 30 de abril do presente ano, quedando a autorizada baixo as instrucións que lle imparta o persoal do concello responsable do polideportivo municipal en materia de utilización do mesmo.

2º.- A autorizada, ao rematar a actuación, deberá deixar as instalacións municipais nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal, que ascende á cantidade de CENTO CORENTA E CATRO EUROS (144,00 €), ao abeiro do disposto no artigo 6º.d) da Ordenanza Fiscal nº 10 reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sen este requisito esta autorización non producirá efecto.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

TERCEIRO.- Notificar á interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como lugar e prazo para interpoñelos.

5.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN USO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL OS DÍAS 2 E 3 DE MAIO DE 2019 Á ASOCIACIÓN AMARAI

Vista a instancia con data 26/03/2019 con rexistro de entrada no Concello co número 538, subscrita por D. José Luís Costoya Quintela con DNI núm. 78787412S actuando como representante legal da Asociación de persoas maiores con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI), na que solicita autorización para uso do polideportivo municipal para exhibición de zumba os días 2 e 3 de maio de 2019 e tamén solicita a exención do pagamento da taxa pola súa utilización.

Visto o artigo 5º da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar á Asociación de persoas maiores con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI) o uso do polideportivo municipal os días 2 e 3 de maio de 2019, para realización exhibición de zumba, condicionando a autorización:

1º.- Os autorizados, ao rematar os actos, deberán deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio dos mesmos.

2º.- O Concello non se fai responsable de ningún dano que se ocasione os días sinalados.

SEGUNDO.- Recoñecer á asociación AMARAI a exención do pagamento da taxa pola utilización do polideportivo municipal en base ao disposto no artigo 5º f) da mencionada Ordenanza fiscal, ao tratarse de actividades promovidas por unha entidade sen fins de lucro de ámbito municipal.

TERCEIRO.- Comunicar este acordo ao técnico de deportes para que se encargue de abrir e pechar o polideportivo municipal e o teña en conta na programación de actividades.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñelos.

6.- SOLICITUDE DE BAIXA NO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO INMOBLE SITO NO LUGAR DE CASÁS Nº 5 (ANDABAO)

Polo secretario dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 661 con data 10/04/2019, presentada por D. José Ángel Rodríguez Seoane con DNI 33176766W, con domicilio a efectos de notificacións en rúa Martínez de Carral 5, 15706 Santiago de Compostela, na que solicita a baixa do servizo de abastecemento de auga e recollida de lixo a nome de seu tío Andrés Seoane Sánchez (xa falecido) correspondente ao inmovible sito en Casás nº. 5, parroquia de Andabao.

Considerano que, segundo o manifestado polo solicitante xa non conta co subministro eléctrico e que persoado o técnico municipal en data 10/04/2019 na citada vivenda non reúne as condicións mínimas de habitabilidade tal como acredita no seu informe de data 22/04/2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo e contador de auga número 94089778 así como o do lixo a nome de Andrés Seoane Sánchez polos motivos indicados nos considerandos deste acordo, na



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

elaboración do padrón fiscal correspondente ao segundo trimestre do exercicio 2019.

SEGUNDO.- Notificar este acordo a D. José Ángel Rodríguez Seoane xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga do inmovible sito no lugar de Casás nº 5, parroquia de Andabao, deste termo municipal.

7.- SOLICITUDE BAIXA NO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

Vista a solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 425, con data 04/03/2019 presentada por D. José González Pedreira DNI 76474240E, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Pazo Guerras núm. 5, parroquia de Arceo, 15818 Boimorto, solicitando a baixa no servizo de recollida de lixo na explotación gandeira sita no lugar de Pazo Guerras (Arceo), que xa non ten actividade segundo os documentos presentados.

Vista a ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa por recollida de lixo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo a nome de José González Pedreira na tarifa b) explotación gandeira ao contar con menos de 25 cabezas, no lugar de Pazo Guerras, parroquia de Arceo, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao segundo trimestre do exercicio 2019.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

8.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA PARA LOCAL B PLANTA BAIXA DO EDIFICIO SITO NA RÚA PAZO Nº 6 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO

Polo secretario dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 510, con data 22/03/2019, presentada por D. Ricardo Castro Novo, DNI núm. 76510268D con domicilio a efectos de notificacións en rúa Pazo número 6 do núcleo urbano de Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga para o local B planta baixa do edificio sito na rúa Pazo nº 6, do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 27/03/2019

Advirte o secretario que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Ricardo Castro Novo, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para local B planta baixa do edificio sito na rúa Pazo nº 6, do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

9.- SOLICITUDE REVISIÓN LIQUIDACIÓN ICIO DE EXPEDIENTE COMUNICACIÓN DE OBRAS MENORES PINTADO DE FACHADAS DA VIVENDA SITA NO LUGAR DE IGLESIA Nº 5 (SENDELLE)

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de xaneiro de 2019 aprobouse a liquidación de ICIO pola comunicación previa de obras menores presentada por Dna. Pilar Guerra Taboada para pintado exterior da vivenda unifamiliar sita no lugar de Iglesia nº 5 (Sendelle).

Con rexistro de entrada 489 de 18 de marzo de 2019, o titular da comunicación previa solicita a revisión do ICIO, o arquitecto do servizo de asistencia técnica urbanística do concello emitiu o seguinte informe que se transcribe literalmente a continuación:

<< Con data 18 de marzo de 2019, número de rexistro 489, Dna. Pilar Guerra Taboada presentou ante o Concello de Boimorto solicitude na que expón "que lle foi notificado o acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/01/2019 onde lle practica a liquidación do ICIO polas obras de pintado de fachadas na vivenda sita no lugar de Iglesia nº 5, Sendelle, que considero moi elevado" e solicita "Revisión do ICIO en base ao documento que adxunto de Pinturas Vales S.C. onde se describen as actuacións a realizar".

En relación ao asunto, no informe emitido polos servizos técnicos municipais o 30/01/2019, en base á documentación presentada, valorábanse as obras, conforme á Ordenanza Fiscal nº 3 reguladora do ICIO en 5.031,35 euros, incluíndo a limpeza de fachada con chorro de arena ou auga.

Segundo a documentación achegada, asinada pola empresa encargada de facer as obras, Pinturas Vales S.C., o lavado da fachada será simplemente para unha limpeza superficial, sen usar máquina de presión nin lavado con area.

Polo exposto, o presuposto de execución material presentado coa comunicación previa o 22/01/2019 (nº de rexistro 134) que ascende a 1.750 euros considerase axeitado para a execución das obras, sendo compatible co que resulta de aplicar os valores recollidos no Anexo II da Ordenanza Fiscal nº 3 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto, a 27 de marzo de 2019

Manuel Carro López

Arquitecto, colexiado nº 2.974>>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e con fundamento no informe do servizo técnico,



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

ACORDA:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de revisión da liquidación do ICIO, procedendo a súa rectificación da comunicación previa de obras menores.

SEGUNDO.- Proceder á anulación, e no seu caso devolución, do imposto xirado no seu día.

TERCEIRO.- Xirar nova liquidación do ICIO, establecéndose como base impositible 1.750 euros.

Liquidación 2%: 35,00 euros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo á interesada, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

10.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA DA VIVENDA SITA EN SOBREIRA (BUAZO)

Vista a solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 96 con data 16/01/2019, presentada por D. Dionisio García Peteiro, DNI núm. 32774424E con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Sobreira núm. 2, Buazo, 15818 Boimorto, A Coruña, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Sobreira núm. 2, da parroquia de Buazo, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 11/03/2019

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Dionisio García Peteiro, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no número 2 do lugar de Sobreira da parroquia de Buazo, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

11.- COMUNICACIÓN PREVIA INICIO DE ACTIVIDADE PARA TALLER REPARACIÓN DE VEHÍCULOS EN RÚA ASIENTOS (BOIMORTO)

Examinada a comunicación de inicio de actividade (CP-001) presentada por D. Martín Sánchez



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

López, NIF78804034P, e domicilio a efectos de notificacións en rúa Asientos nº 1, Boimorto, código postal 15817, solicitude con rexistro de entrada no concello co número 164 en data 25/01/2019 para o exercicio da actividade taller de reparación de vehículos na rúa Asientos do núcleo urbano de Boimorto.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de inicio de actividade de data 10/04/2019 dos servizos técnicos municipais D. Manuel Carro López.

Informa o secretario que o establecemento donde se pretende levar a cabo a actividade xa conta cunha licenza de apertura outorgada por Resolución da Alcaldía de 25 de xaneiro de 1991 na que se lle practicou unha liquidación por importe de 7.632 ptas (45,87 €uros), cantidade que foi ingresada nas arcas municipais en data 25/11/1988 e que se deberá ter en conta na liquidación da taxa de apertura do establecemento.

Visto o artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Considerar comprobado o cumprimento dos requisitos legais para inicio de actividade de taller para reparación de vehículos na rúa Asientos do núcleo urbano de Boimorto a D. Martín Sánchez López ao considerar completa a documentación presentada, debendo axustarse en todo momento ás medidas correctoras no proxecto refundido e anexos presentados coa solicitude, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, colexiado número 2389, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña, sen prexuízo das facultades posteriores de comprobación, inspección, control do concello desta actividade.

SEGUNDO.- Visto o artigo 6º 3) da Ordenanza fiscal nº 5, reguladora da taxa pola licenza de apertura de establecementos no que di "En caso de variación ou ampliación de actividade realizada no establecemento suxeito, da cota que resulta por aplicación dos apartados anteriores deste artigo, deducirase o devengado por este concepto tributario con ocasión da concesión das anteriores licenzas de apertura, sendo a cantidade a ingresar a diferenza resultante" aprobar a liquidación tributaria en concepto de taxa por inicio de actividade de conformidade co establecido na referida ordenanza.

Base imponible a razón da superficie do establecemento en m2 de local: 625 m2

Tipo do solo: urbano

Tarifa: 1,50 €uros/m2

Importe: 937,50 €uros

Importe liquidado no ano 1988: 7.632 ptas (45,87 €uros)

Cota a ingresar: 937,50 €uros – 45,87 €uros = 891,63 €uros.

TERCEIRO.- A presente autorización queda condicionada ao pago da correspondente taxa sin cuio requisito non terá validez nin efecto.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Martín Sánchez López indicando o réxime de recurso que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

12.- COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS MENORES ARRANXO DE FACHADA E TERRAZA EXTERIOR NA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA GÁNDARA Nº 4 (BOIMORTO)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 21 de marzo de 2019 (RE núm. 505) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	José Luís Vázquez Freire
DNI:	33281828T
Domicilio:	Rúa Gándara nº 4 - Boimorto

Datos de obra:

Obxecto:	Colocación "manta caucho" para evitar filtracións. Capa formigón. Colocación de plaqueta marrón antiescorregadiza, bloque e rejilla. Colocación de "balaustre" de cor negro como recinto de terraza. Dar morteiro a muro exterior
Situación:	Rúa Gándara núm. 4 - Boimorto
Referencia catastral:	0615703NH7601N0001XI
Orzamento de execución:	10.435,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación intensiva.
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 05/03/2019 autorizando as obras (expediente núm. 2019/0056)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 27 de marzo de 2019.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 27/03/2019 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 10.435,00 €uros

Liquidación 2%: 208,70 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. José Luís Vázquez Freire indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

13.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES REPARACIÓN DUN HÓRREO SITO NO LUGAR DE BOAVISTA, PARROQUIA DE DORMEÁ

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 11 de marzo de 2019 (RE núm. 20199000000106) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Daniel Saavedra Huerta
DNI:	33819263V
Domicilio:	Rúa Manuel Azaña nº 18 5º D – 15011 A Coruña

Datos de obra:

Obxecto:	Reparación dun hórreo para o cal levaranse a cabo as seguintes obras: Reposición de dúas vigas de castiñeiro. Asentar barrotes de castiñeiro que se atopan fora de sito polo mal estado das vigas. Protexer a madeira aplicando unha mao de xilazel cor castiñeiro a toda a madeira do hórreo.
Situación:	Lg. Boavista - Dormeá
Referencia catastral:	001503100NH76A0001YE
Orzamento de execución:	1.480,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Non é necesario
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 27 de marzo de 2019.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.480,00 €uros

Liquidación 2%:29,60 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Daniel Saavedra Huerta indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

14.- COMUNICACIÓN PREVIA SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN CANTO DO BALO Nº 5 (ARCEO)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 4 de abril de 2019 (RE 629) coas seguintes características:

Solicitante:	D. Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD Distribución Electricidad , S.A.
Domicilio de notificación:	Avenida de Arteixo, 171 – A Coruña
Actuación solicitada:	Subministro a unha vivenda unifamiliar localizada no lugar de Canto do Balo nº 5, parroquia de Arceo, de enerxía eléctrica de 5,75 kW, para o cal se proxecta a conexión á rede de baixa tensión existente, procedente do centro de transformación 15A140 (Canto do Balo , saída 01). Para realizar a conexión se deriva do condutor RZ50 existente, desmontando a rede interior existente e sacando o apoio de formigón do interior da finca á vía pública e mediante a realización dun paso aéreo soterrado se tende con condutor XZ1 50 ata a situación da CPM a instalar polo cliente no límite coa vía pública. Para a canalización do condutor realizarase unha gabiá de 0,2 x 8 m de profundidade cunha tubaxe de 160 mm de diámetro.
Nome do técnico redactor da memoria:	D. Pablo López Alonso, enxeñeiro técnico industrial, colexiado COETICOR nº 3.802
Ubicación da obra:	Lg. Canto do Balo, 5 - Arceo
Referencia catastral:	15010A507002600001KO
Orzamento de execución:	3.047,13 €uros.
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural, expansión de núcleo, localizándose ao bordo da estrada provincial DP-1004
Autorizacións sectoriais:	Resolución da Deputación Provincial de data 22 de marzo de 2019 (expediente 2019000004204)
Compatibilidade urbanística	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 10 de abril de 2019)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobado en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 3.047,13 €uros

Liquidación 2%: 60,94 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Juan José Coiradas Sambade indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

15.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES ACCESO A VIVENDA, COLOCACIÓN DE TUBOS E PAVIMENTACIÓN CON AGLOMERADO NO LUGAR DE CRUCEIRO Nº 2, PARROQUIA DE BOIMIL.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 18 de marzo de 2019 (RE núm. 487) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Emilio Novo Veiga
DNI:	76517963E
Domicilio:	Lg. Cruceiro nº 2 - Boimil - Boimorto

Datos de obra:

Obxecto:	Mellora do acceso á unha vivenda, no número 2 do lugar de Cruceiro, na parroquia de Boimil, mediante a colocación de tubaxe de 400 mm e pavimentación con aglomerado ao bordo da estrada CP-1003 da Deputación Provincial
Situación:	Lg. Cruceiro nº 2 - Boimil
Referencia catastral:	15010A019001660000KO
Orzamento de execución:	310,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 5/02/2019 autorizando as obras (expediente núm.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

	2018/1656 e da Deputación Provincial de 21 de decembro de 2018 (expediente 2018000036223)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 27 de marzo de 2019.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local **ACORDOU**, cos votos a favor de tres concelleiros e a abstención, debido ao parentesco co solicitante, de María Jesús Novo Gómez:

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 05/02/2019 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Deputación Provincial de 21/12/2018

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 271,90 €uros

Liquidación 2%: 5,44 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Emilio Novo Veiga indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

16.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES ACONDICIONAMIENTO PARCIAL DE CEMITERIO EN SANTA MARIA DOS ÁNXELES

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 15 de abril de 2019 (RE 689) coas seguintes características:

Solicitante:	Dna. Laura Folgueira García, en representación da Asociación Cultural e Veciñal Santa María dos Ánxeles
Domicilio de notificación:	Lg. Campo da Lanza nº 17 – Ánxeles – 15816 Boimorto
Actuación solicitada:	Acondicionamento parcial do solo do cemiterio parroquial dos Ánxeles, en dúas zonas, unha maioritaria denominada “A” cunha gran escalinata que da acceso a un bo número de nichos, fronte á entrada principal da igrexa e a zona denominada “B” ao Surlleste da anterior, á



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

	cal accedese a través dunha escaleira e que da acceso a un pequeno número de nichos.
Nome do técnico redactor das memorias:	D. José García Pernas, técnico superior en operacións topográficas, colexiado nº 625
Ubicación da obra:	Lg. Iglesia - Ánxeles
Referencia catastral:	15010A506002530001KR
Orzamento de execución:	6.039,54 €uros.
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural, coa categoría de sistema local de equipamentos (cemiterio). Ademais, as obras atópanse na área de cautela formada por un conxunto de elementos catalogados: - AX1.- Igrexa de Santa María dos Ánxeles. Grao de protección I - AX3.- Casa reitoral. Grao de protección II - AX5.- Cruceiro. Grao de protección II
Autorizacións sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 13 de de decembro de 2018 (expediente 2018/051) e Arcebispado de Santiago de Compostela de 29/03/2019 (expediente EC 1053/17).
Compatibilidade urbanística	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 15 de abril de 2019)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobado en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 6.039,54 €uros

Liquidación 2%: 120,79 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Laura Folgueira García indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

17.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES SUBSTITUCIÓN DE MATERIAL DE



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

CUBERTA DA VIVENDA SITA NO LUGAR DE SANTARANDEL Nº 2 (ARCEO)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 12 de abril de 2019 (RE núm. 678) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	D. José Manuel Senín López
DNI:	76514931A
Domicilio:	Lg. Santarandel nº 2 – Arceo – 15818 Boimorto

Datos de obra:

Obxecto:	Reparación do tellado dunha vivenda, cunha superficie de 96 m2, mediante a retirada da cuberta de tella vella e a súa substitución por outra tella nova
Situación	Lg. Santarandel nº 2 - Arceo
Referencia catastral:	15010A507000050001KD
Orzamento de execución:	2.000,00 €uros.
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso
Autorizacións sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 22 de abril de 2019)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobado en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 3.288,00 €uros

Liquidación 2%: 65,76 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. José Manuel Senín López indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

18.- LICENZA DE EDIFICACIÓN CONSTRUCCIÓN DE LOCAL DE ALMACENAXE DE



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

PRODUTOS AGRÍCOLAS E PECHE PERIMETRAL FINCA EN CORNEDA

Visto o expediente de solicitude urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de Dña. Carmen Sánchez Rodríguez con DNI 76517893K, con domicilio a efectos de notificacións en C. Emilio Camps 2 4º B, 15800 Melide (A Coruña), en virtude da instancia con rexistro de entrada no concello co número 2168 en data 20/09/2018 para realizar as obras de construción dun galpón para apeiros de labranza e peche perimetral de finca no lugar de Carretera, parroquia de Corneda (Referencia catastral: 15010A009000240000KZ) consonte ao proxecto técnico achegado coa solicitude, redactado polo enxeñeiro agrónomo D. Javier López López, colexiado n.º 1049. A parcela está clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.

Con data 23/10/2018, os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións.

Con data 23/01/2019, número de rexistro de entrada 137, Dña. Carmen Sánchez Rodríguez, presenta Proyecto de construción de local de almacenaxe de produtos agrícolas y cierre perimetral finca en Corneda; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López, colexiado 1.049, visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas (A Coruña-Pontevedra), no que se inclúe oficio de dirección de obra.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza dos servizos técnicos municipais asinado por D. Manuel Carro López emitido en data 15 de febreiro de 2019.

Visto o informe de Secretaría municipal de data 15/04/2019.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de edificación a Dña. Carmen Sánchez Rodríguez para executar as obras de construción de local de almacenaxe de produtos agrícolas e peche perimetral de finca no lugar de Carretera, parroquia de Corneda (solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- Outórgase a licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Condicionantes sinalados nos informes técnicos e xurídicos indicados nos considerandos deste acordo.
- As obras a realizar consisten en:

- Galpón: Cunha superficie de 21 m² e unhas dimensións de 7,0 x 3,0 m. A cuberta será a unha auga, a base de fibrocemento e tella, cunha altura máxima de 3 m. Os paramentos exteriores serán de bloque de formigón enfuscados en cor. A fachada principal presenta dúas portas de acceso de 1,20 m de ancho por 2,10 m de altura.

- Cerramento: Cerraranse os lindeiros Norleste e frontal, cunha lonxitude aproximada de 160 m. O primeiro será a base malla metálica en cor verde, con postes de formigón de 2,0 m de altura sobre a rasante do terreo, cada 4,0 m. Pola súa banda, cerramento frontal contará cunha base de bloque de formigón split de 0,60 m de altura e malla metálica de 1,40 m de altura, alcanzando unha altura total de 2,0 m. Tamén colocaranse neste tramo postes de formigón de 2,0



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

m de altura cada 4,0 m.

- Non precisa dos servizos de abastecemento de auga, saneamento e enerxía eléctrica.

- A liña de cerramento cumpre coas distancias esixidas no artigo 43.3 da normativa do POXM.

- Poderá elevarse a escritura pública da cesión de viais a favor do Concello para regularización do viario, alcanzando unha superficie de 102 m², tal como consta no plano n.º 2.1 ou inscribirse directamente a acta da cesión de viais no Rexistro da Propiedade por este Concello.

- De conformidade co disposto no artigo 357.6 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente e tamén serán aplicables os artigos 47, 48, 49, 50 e 51 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

- En relación a vixencia, caducidade, extinción da licenza e inicio das obras serán aplicables os artigos 42, 43, 44 e 46 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014 así como o artigo 145 da Lei 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 6.639,94 €uros.

Liquidación: 132,80 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dña. Carmen Sánchez Rodríguez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

19.- LICENZA DE OBRA CONSERVACION DE CUBERTAS NO LUGAR DE REAL (BOIMIL)

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obra (OB-003), tramitado a instancia de Dña. Ana María Seoane Sánchez con DNI nº 76514983D e con domicilio a efectos de notificacións en Rúa Alicante nº 8 3º C, 15009 A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 438 en data 08/03/2019, para realizar as obras de conservación de cubertas e cerre de parcela no lugar de O Real, parroquia de Boimil, referencia catastral do inmovible: 001701600NH76C0001RZ consonte ao proxecto básico achegado coa solicitude, redactado pola arquitecta Dña. Sandra Fernández Rubio, colexiada nº 4.849, sen visar; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural, sendo de aplicación as ordenanzas de núcleo orixinario denso e disperso.

Vista a resolución de data 01/10/2018 do Servizo de vías e obras da Deputación da Coruña (expediente 2018000005950).

Vista a resolución de data 25/06/2018 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, rexistro de



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

entrada 1672 en data 06/07/2018, sobre a intervención no Camiño de Santiago, autorizando as obras. (Expediente número: 2018/0350 CNC).

Visto o escrito de data 03/04/2019, número de rexistro de entrada 2019000000580 de Dna. Sandra Fernández Rubio en representación de Dna. Ana María Seoane Sánchez no que renuncia temporalmente á construción do cerramento mentras non reciba o Concello a contestación feita a Axencia Galega de Infraestruturas en relación coa distancia do mesmo.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 09/04/2019 dos servizos técnicos municipais emitido por D. Manuel Carro López.

Visto o informe de Secretaría de 24/04/2019

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a Dna. Ana María Seoane Sánchez, para executar as obras de conservación de cubertas no lugar de Real, parroquia de Boimil (solo de núcleo rural coas ordenanzas de núcleo orixinario denso e disperso), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais e baixo os condicionantes recollidos no punto 3.2 dos antecedentes e consideracións técnicas da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 25/06/2018 (expediente 2018/0350 CNC)
- Darase cumprimento á resolución do 01/10/2018 do servizo e obras da Deputación (expediente 2018000005950) que consta no expediente e se indica nos considerandos deste acordo.
- Condicionantes sinalados nos informes técnicos e xurídicos indicados nos considerandos deste acordo.
- As obras a realizar consistirán na conservación dunha vivenda e os seus galpóns anexos, para o cal substituirase a estrutura de madeira por viguetas pretensadas de formigón, sobre as que se colocarán placas onduladas de fibrocemento e tella cerámica. Ademais, enfuscaranse as fachadas e se pintarán en cor branco roto.
- Con anterioridade ao inicio das obras deberá presentar no Concello o proxecto de execución así como os oficios de dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde, todos eles visados polo Colexio profesional correspondentes.
- De conformidade co disposto no artigo 357.6 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente e tamén serán aplicables os artigos 47, 48, 49, 50 e 51 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

.- En relación a vixencia, caducidade, extinción da licenza e inicio das obras serán aplicables os artigos 42, 43, 44 e 46 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014 así como o artigo 145 da Lei 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 15.383,83 €uros.

Liquidación: 307,68 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Ana María Seoane Sánchez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

20.- DECLARACIÓN DA CADUCIDADE DE LICENZA DE OBRA (LO 34/2013) SOLICITADA POR MANUEL CAJIDE MATO DE "PROYECTO BÁSICO DE VIVENDA UNIFAMILIAR AISLADA Y SOLICITUDE DE LICENCIA PARA CIERRE DE PARCELA" LG. ASIENTOS – RÚA DO PAZO S/N - BOIMORTO

Mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2018, concedeuse un prazo de audiencia de quince días a D. Manuel Cajide Mato con NIF 76487964S para que poidera alegar e presentar os documentos e xustificantes que estimase pertinentes en relación coa declaración de caducidade de licenza de obras que se lle concedeu para levar a cabo as obras de construción de vivenda unifamiliar aislada e cerre de parcela no lugar Asientos - rúa do Pazo - Boimorto, deste termo municipal.

O mencionado acordo foi notificado ao interesado o 1 de marzo de 2019. O prazo de audiencia conclueu o 25 de marzo de 2019 sen que o interesado fixera uso do mesmo.

En consecuencia ao anterior e de acordo co disposto nos artigos da 197.3 Lei 9/2002 así como o Decreto 167/2016, de 24 de maio de 2016, de delegación competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, ésta, por unanimidade adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade de licenza de obra concedida a D. Manuel Cajide Mato, con DNI núm. 76487964S número (LO 34/2013) por non haber iniciado e finalizado a obra nos prazos concedidos na licenza urbanística.

Esta declaración de caducidade supón a extinción da autorización de referencia non podendo realizar os actos de construción si non se solicita e obtén unha nova licenza.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado con indicación dos recursos procedentes.

21.- RATIFICACIÓN ACORDO DA XGL SESIÓN ORDINARIA DE 28/02/2019: APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚMERO 2 E FACTURA DA OBRA INCLUÍDA NO POS 2017 "NUEVA SALA DE CONVIVENCIA EN LA MINIRESIDENCIA DE BOIMORTO".

Visto o acordo adoptado en data de 28 de febreiro de 2019 pola Xunta de Goberno Local, que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

"Vista a certificación número 2 da obra "Nueva sala de convivencia en la miniresidencia de Boimorto" de data 31/01/2019, por importe de 12.969,39 €, acompañada de factura por dito importe co numero EO19 8 con data 31/01/2019 do adxudicatario Obras y Viales de Galicia, S.L. con CIF nº B15608193.

Advirte a secretaria o incumprimento da cláusula 29 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares pola que se rexeu esta contratación, en relación co control de calidade externo.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local mediante o Decreto 167/2016 con data 24/05/2016 a Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación número 2 da obra "Nueva sala de convivencia en la miniresidencia de Boimorto" de data 31/01/2019, por importe de 12.969,39 euros, así como a factura por dito importe co número EO19 8 con data 31/01/2019 do adxudicatario Obras y Viales de Galicia, S.L. con CIF nº B-15608193.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa enviada de xeito telemático á Deputación Provincial da Coruña xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da subvención outorgada a este Concello."

Visto que en data de adopción do antedito acordo non existía crédito adecuado e suficiente e que en data do presente si que consta o mesmo. En consecuencia, aos efectos de subsanar o vicio do citado acordo e advertido novamente pola secretaria municipal o incumprimento da cláusula 29 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares pola que se rexeu esta contratación, en relación co control de calidade externo.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local mediante o Decreto 167/2016 con data 24/05/2016 a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Ratificar o acordo da XGL sesión ordinaria de 28/02/2019: aprobación certificación número 2 e factura da obra incluída no POS 2017 "Nueva sala de convivencia en la miniresidencia de Boimorto" que continúa a seguinte parte resolutiva:

"PRIMEIRO.- Aprobar a certificación número 2 da obra "Nueva sala de convivencia en la miniresidencia de Boimorto" de data 31/01/2019, por importe de 12.969,39 euros, así como a factura por dito importe co número EO19 8 con data 31/01/2019 do adxudicatario Obras y Viales de Galicia, S.L. con CIF nº B-15608193.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa enviada de xeito telemático á Deputación Provincial da Coruña xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da subvención outorgada a este Concello."

SEGUNDO.- Que a certificación deste acordo sexa enviada de xeito telemático á Deputación Provincial da Coruña xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da subvención outorgada a este Concello.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

22.- RATIFICACIÓN DECRETO DE ALCALDÍA 144/2019 DE 29/03/2019 SOLICITUDE DE AXUDA PARA OPTIMIZACIÓN ENERXÉTICA DA INSTALACIÓN DE CENTRO DE DÍA E RESIDENCIA DE MAIORES DO CONCELLO DE BOIMORTO AO ABEIRO DA MEDIDA LEADER COFINANCIADA CO FEADER NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA 2014-2020

A continuación dáse conta da Resolución de Alcaldía 29/03/2019 número 144, polo que se acorda solicitar subvención dentro da convocatoria do programa Leader do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo para optimización enerxética da instalación de Centro de día e Residencia de maiores do Concello de Boimorto, que transcrito literalmente di:

<<Descrición Decreto: Solicitud de axuda para optimización enerxética da instalación de Centro de día e Residencia de maiores do Concello de Boimorto ao abeiro da medida Leader cofinanciada co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (DOG nº 12 do 18/01/2017)

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE Boimorto (A CORUÑA)

Téndose publicado no DOG nº 12 do 18/01/2017, a Resolución do 29/12/2016 da Axencia Galega de Desenvolvemento Local, pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 e no exercicio e competencias outorgadas no artigo 21.1.s, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Solicitar ao abeiro da Resolución do 29/12/2016 da Axencia Galega de Desenvolvemento Local, pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, unha axuda para Optimización enerxética da instalación de Centro de día e Residencia de maiores do Concello de Boimorto por importe de 114.226,68 euros (importe total con IVE).

SEGUNDO.- Aceptar as bases que rexen dita subvención.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo e demais documentación complementaria a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural así como dar conta á Xunta de Goberno Local deste decreto na próxima sesión que celebre.

Decreto a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretaria accidental deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, a secretaria accidental

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- M^a luisa cacharrón soto>>

A Xunta de Goberno Local queda enterada, e acorda por unanimidade ratificar a solicitude de subvención do Leader.

23.- APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚMERO 3 E FACTURA DA OBRA INCLUÍDA NO POS 2017: "NUEVA SALA DE CONVIVENCIA EN LA MINIRESIDENCIA DE BOIMORTO".



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Vista a certificación número 3 da obra "Nueva sala de convivencia en la miniresidencia de Boimorto" de data 28/02/2019, por importe de 33.014,45 €, acompañada de factura por dito importe co numero EO19 27 con data 28/02/2019 do adxudicatario Obras y Viales de Galicia, S.L. con CIF nº B15608193.

Visto o informe de Secretaría-Intervención e advertido polo titular do antedito departamento do incumprimento da cláusula 29 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares pola que se rexeu esta contratación, en relación co control de calidade externo.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local mediante o Decreto 167/2016 con data 24/05/2016 a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación número 3 da obra "Nueva sala de convivencia en la Miniresidencia de Boimorto" de data 28/02/2019, por importe de 33.014,45 €uros, así como a factura por dito importe co número EO19 27 con data 28/02/2019 do adxudicatario Obras y Viales de Galicia, S.L. con CIF nº B-15608193.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa enviada de xeito telemático á Deputación Provincial da Coruña xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da subvención outorgada a este Concello.

24. APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚMERO 2 E FACTURA DA OBRA: "MEJORA DE CAMINOS EN LAS PARROQUIAS DE CARDEIRO Y BOIMIL" POS COMPLEMENTARIO 2017.

Vista a acta de recepción da obra incluída no complementario do Plan provincial de obras e servizos de 2017, denominada Mellora de camiños nas parroquias de Cardeiro y Boimil, asinada en data 29/03/2019 pola Alcaldía, o director das obras D. Manuel Carro López e o contratista Dna. Eva López Nieto dando comezo o prazo de garantía das obras de cinco anos.

Vista a certificación número 2 da obra Mellora de camiños nas parroquias de Cardeiro y Boimil, por importe de 21.427,63 € de data 27/03/2019, acompañada de factura por dito importe co número FECOS019 10 con data 27/03/2019 do adxudicatario Cosmalca, S.L. con CIF: B15121783, presentada no rexistro de entrada do concello co número 20199990000021 en data 27/03/2019

Visto o informe de Secretaría-Intervención e advertido polo titular do antedito departamento do incumprimento da cláusula 29 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares pola que se rexeu esta contratación, en relación co control de calidade externo.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local mediante Decreto 167/2016 con data 24/05/2016 a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación dúas da obra Mellora de camiños nas parroquias de Cardeiro y Boimil de data 27/03/2019, por importe de 21.427,63 €uros, así como a factura por dito importe co número FECOS019 10 de data 27/03/2019 do adxudicatario Cosmalca, S.L. con CIF: B15121783

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa enviada de xeito telemático á Deputación Provincial da Coruña a través da aplicación subtel xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da subvención outorgada a este Concello.

25. APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚMERO 2 E FACTURA DA OBRA "MEJORA DE



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

CAMINOS EN LAS PARROQUIAS DE CARDEIRO Y ARCEO" POS COMPLEMENTARIO 2017.

Vista a acta de recepción da obra incluída no complementario do Plan provincial de obras e servizos de 2017, denominada Mellora de camiños nas parroquias de Cardeiro y Arceo, asinada en data 27/03/2019 pola Alcaldía, o director das obras D. Manuel Carro López e o contratista Dna. Eva López Nieto dando comezo o prazo de garantía das obras de cinco anos.

Vista a certificación número 2 da obra Mellora de camiños nas parroquias de Cardeiro y Arceo, por importe de 42.542,84 € de data 27/03/2019, acompañada de factura por dito importe co número FECOS019 11 con data 27/03/2019 do adxudicatario Cosmalca, S.L. con CIF: B15121783, presentada no rexistro de entrada do concello co número 20199990000021 en data 27/03/2019

Visto o informe de Secretaría-Intervención e advertido polo titular do antedito departamento do incumprimento da cláusula 29 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares pola que se rexeu esta contratación, en relación co control de calidade externo.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local mediante Decreto 167/2016 con data 24/05/2016 a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación dous da obra Mellora de camiños nas parroquias de Cardeiro y Arceo de data 27/03/2019, por importe de 42.542,84 €uros, así como a factura por dito importe co número FECOS019 11 de data 27/03/2019 do adxudicatario Cosmalca, S.L. con CIF: B15121783

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa enviada de xeito telemático á Deputación Provincial da Coruña a través da aplicación subtel xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da subvención outorgada a este Concello.

26. APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA E FACTURA DA OBRA "MEJORA DE CANALIZACIONES DE PLUVIALES EN LAS PARROQUIAS DE BRATES, SENDELLE Y OTRAS" - POS 2017.

Vista a acta de recepción da obra incluída no Plan provincial de obras e servizos de 2017, denominada "Mejora de canalizaciones de pluviales en las parroquias de Brates, Sendelle y otras", asinada en data 18/03/2019 pola Alcaldía, o director das obras D. Manuel Carro López e o contratista D. José González Loureiro dando comezo o prazo de garantía.

Vista a certificación única da obra "Mejora de canalizaciones de pluviales en las parroquias de Brates, Sendelle y otras", por importe de 39.700,00 € de data 22/03/2019, acompañada de factura por dito importe co número FE19 21 con data 03/04/2019 do adxudicatario Construcciones González y González, S.L. con CIF: B15165004, presentada no rexistro de entrada do concello co número 201999900000034 en data 03/04/2019

Visto o informe de Secretaría-Intervención e advertido polo titular do antedito departamento do incumprimento da cláusula 29 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares pola que se rexeu esta contratación, en relación co control de calidade externo.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local mediante Decreto 167/2016 con data 24/05/2016 a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación única da obra "Mejora de canalizaciones de pluviales en las parroquias de Brates, Sendelle y otras" de data 22/03/2019, por importe de 39.700,00 €uros, así



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

como a factura por dito importe co número FE19 21 de data 03/04/2019 do adxudicatario Construcciones González y González, S.L. con CIF: B15165004

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa enviada de xeito telemático á Deputación Provincial da Coruña a través da aplicación subtel xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da subvención outorgada a este Concello.

27. APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚMERO 2 E FACTURA DA OBRA “MEJORA DE CAMINOS DE LAS PARROQUIAS DE DORMEÁ, BOIMORTO, CORNEDA, RODEIROS Y ANDABAO” - POS 2017

Vista a acta de recepción da obra incluída no Plan provincial de obras e servizos de 2017, denominada Mellora de camiños nas parroquias de Dormeá, Boimorto, Corneda, Rodieiros y Andabao, asinada en data 04/04/2019 pola Alcaldía, o director das obras D. Manuel Carro López e o contratista Dna. Eva López Nieto dando comezo o prazo de garantía das obras de cinco anos.

Vista a certificación número 2 da obra Mellora de camiños nas parroquias de Dormeá, Boimorto, Corneda, Rodieiros y Andabao, por importe de 38.449,66 € de data 04/04/2019, acompañada de factura por dito importe co número FECOS019 14 con data 04/04/2019 do adxudicatario Cosmalca, S.L. con CIF: B15121783, presentada no rexistro de entrada do concello co número 201999900000039 en data 04/04/2019

Visto o informe de Secretaría-Intervención e advertido polo titular do antedito departamento do incumprimento da cláusula 29 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares pola que se rexeu esta contratación, en relación co control de calidade externo.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local mediante Decreto 167/2016 con data 24/05/2016 a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación dous da obra Mellora de camiños nas parroquias de Dormeá, Boimorto, Corneda, Rodieiros y Andabao de data 04/04/2019, por importe de 38.499,66 €uros, así como a factura por dito importe co número FECOS019 14 de data 04/04/2019 do adxudicatario Cosmalca, S.L. con CIF: B15121783

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa enviada de xeito telemático á Deputación Provincial da Coruña a través da aplicación subtel xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da subvención outorgada a este Concello.

28.- ARQUIVO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN LIMPEZA DE MALEZA DA FINCA NÚMERO 582 DO POLÍGONO CATASTRAL 507

Visto o expediente instruído para execución de biomasa na finca número 582 do polígono catastral 507 da parroquia de Arceo, con referencia catastral 15010A507005820000JE

Visto o informe emitido polo servizo de asistencia técnico urbanística con data 15/04/2019 no que se acredita que se cumpriu a Orde de execución ditada no Decreto 89/2019, da Alcaldía, habéndose limpadado a biomasa da parcela.

Visto que a persoa denunciada cumpriu coas obrigas previstas na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

de xuño, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Arquivar o expediente de denuncia en materia de xestión de biomasa na finca número 582 do polígono catastral 507 da parroquia de Arceo.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao denunciado e denunciante para o seu coñecemento e efectos oportunos.

29.- SOLICITUDE SERVIZO DE PODOLOXÍA

Visto o informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN : Concello de Boimorto. Servizos Sociais

INFORME EMITIDO POR: María Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 24/04/2019.

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vista a solicitude presentada en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexa beneficiario do servizo de podoloxía a seguinte persoa segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- FRANCISCO LABANDEIRA TOJO (R.E. 506 data 21/03/2019) – **PODOLOXÍA** -

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia.
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta de Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

